



Expediente	808/2026
Trámite	ACTA DE APROBACIÓN DA PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE CONCURSO – ASESOR/A XURÍDICO/A EN EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA N.º 2026/0580

No salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Meis, sendo as 10:30 horas do día 17 de agosto de 2026, reúnen os membros do Tribunal Cualificador designado para o proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de persoal laboral temporal na categoría de asesor/a xurídico/a, mediante concurso, como consecuencia da excedencia voluntaria da persoa que actualmente desempeñaba o posto, así como a constitución dunha bolsa de emprego.

Estando presentes:

Presidenta (Titular)	María Gómez García, Secretaria-Interventora do Concello de A Lama
Secretario (Titular)	Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis
Vogal (Titular)	María del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora do Concello de Portas
Vogal (Titular)	María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis
Vogal (Titular)	Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis

Faise constar que Dna. María del Carmen Carracelas Rosales asiste e participa na sesión por medios telemáticos, ao atoparse fóra da localidade, quedando garantida a súa identidade, a continuidade da comunicación, a interactividade e intercomunicación en tempo real e a súa participación efectiva nas deliberacións e na adopción dos acordos, de conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Presidencia declara validamente constituído o Tribunal Cualificador e aberta a sesión, procedéndose seguidamente á realización das seguintes actuacións:

PRIMEIRO.- EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE ESTIMA O RECURSO DE ALZADA

A Presidencia dá conta da Resolución de Alcaldía n.º2026/0580, 17 e agosto de 2026, pola que se estima o recurso de alzada interposto por D.ª Beatriz Piñeiro Gondar contra o acordo adoptado por este Tribunal Cualificador na sesión celebrada o día 10 de agosto de 2026, relativo á aprobación da valoración definitiva da fase de concurso.

Na citada Resolución de Alcaldía declárase que non resulta axustado a Dereito excluír automaticamente da valoración da experiencia profesional o período posterior ao 8 de xaneiro de 2009 correspondente á relación laboral mantida por D.ª Beatriz Piñeiro Gondar coa mercantil Urbes Gestión del Suelo, S.L., pola soa circunstancia de non constar un novo contrato escrito de carácter indefinido, cando a continuidade da relación laboral resulta acreditada mediante a documentación obrante no expediente e de conformidade coa normativa laboral aplicable.

Así mesmo, a Resolución de Alcaldía ordena retrotraer as actuacións ao momento inmediatamente anterior á aprobación da valoración definitiva da fase de concurso, co obxecto de que este Tribunal proceda a revisar novamente a documentación presentada pola interesada e efectúe a valoración que corresponda conforme ás bases da convocatoria e aos criterios establecidos na propia resolución.



Finalmente, a resolución ordena que, unha vez efectuada a nova valoración, o Tribunal Cualificador proceda á aprobación da correspondente valoración definitiva da fase de concurso.

En consecuencia, o Tribunal procede nesta sesión á execución da referida resolución.

SEGUNDO.- NOVA VALORACIÓN DA EXPERIENCIA PROFESIONAL DE D.^a BEATRIZ PIÑEIRO GONDAR

O Tribunal procede á revisión da documentación obrante no expediente relativa á experiencia profesional de D.^a Beatriz Piñeiro Gondar, e, en particular, da documentación correspondente aos servizos prestados para a mercantil Urbes Gestión del Suelo, S.L.

Consta no expediente contrato de traballo iniciado o día 8 de xaneiro de 2007, mediante un contrato formativo para a obtención de práctica profesional, inicialmente concertado por un ano e posteriormente prorrogado ata o día 8 de xaneiro de 2009.

Así mesmo, consta informe de vida laboral no que se acredita a continuidade da relación laboral coa citada mercantil ata o día 5 de marzo de 2021, así como certificado de servizos expedido pola empresa.

A Resolución de Alcaldía pola que se estima o recurso de alzada determina que a ausencia dun novo contrato escrito de carácter indefinido non pode constituír, por si soa, causa suficiente para excluír o período posterior ao 8 de xaneiro de 2009, atendendo á transformación ex lege da relación laboral en indefinida conforme á normativa laboral aplicable no momento da contratación.

En consecuencia, e en execución da citada resolución, o Tribunal procede a valorar o período de experiencia profesional que resulta acreditado mediante o conxunto da documentación obrante no expediente.

De acordo coa documentación examinada e cos criterios establecidos na Base 9.^a das bases reguladoras da convocatoria, procede recoñecer a D.^a Beatriz Piñeiro Gondar unha puntuación de: 42,25 puntos no apartado de experiencia profesional.

Esta puntuación substitúe á anteriormente atribuída no apartado de experiencia profesional, que ascendía a 6,00 puntos.

A puntuación obtida por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar queda, polo tanto, establecida do seguinte xeito:

- Experiencia profesional: 42,25 puntos.
- Titulación adicional: 0,00 puntos.
- Cursos de formación: 30,00 puntos.
- Puntuación total: 72,25 puntos.

TERCEIRO.- VALORACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE CONCURSO

Como consecuencia da nova valoración da experiencia profesional de D.^a Beatriz Piñeiro Gondar, procede actualizar a clasificación das persoas aspirantes, mantendo o resto das puntuacións anteriormente determinadas polo Tribunal, ao non resultar afectadas pola resolución de Alcaldía.

En consecuencia, a **valoración definitiva da fase de concurso** queda establecida nos seguintes termos:

Praza de persoal laboral temporal por vacante na categoría Asesor/a Xurídico/a



NIF	Nome completo / Rexistro	Puntuación por servizos prestados	Puntuación por titulación adicional	Puntuación por cursos de formación	Puntuación total
***1742**	RIVEIRO ÁLVAREZ RAFAEL	60,00	0,00	30,00	90,00
***5816**	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ	42,25	0,00	30,00	72,25
***3149**	SÁNCHEZ DEL CUETO LOSADA ESTHER	33,25	0,00	30,00	63,25
***1285**	ROIS MÉNDEZ MARÍA JOSÉ	30,50	0,00	30,00	60,50
***4154**	NOGUEIRA GONZÁLEZ PABLO RODRIGO	0,00	10,00	30,00	40,00
***1127**	ENTENZA MARTÍNEZ LAURA	0,00	0,00	30,00	30,00
***6257**	GARCÍA-MON BARREIRO MARÍA DEL PILAR	14,75	0,00	6,50	21,25
***0510**	RIVERO GARCÍA MARÍA LUISA	0,00	0,00	14,90	14,90
***9140**	OUTEDA RIVAS RITA	0,00	0,00	8,50	8,50
***4655**	GARRIDO MUÑOZ MARÍA ISABEL	0,00	0,00	5,00	5,00
***4732**	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ RICARDO	0,00	0,00	5,00	5,00

CUARTO.- CARÁCTER DEFINITIVO DA VALORACIÓN

O Tribunal fai constar que a presente valoración se efectúa en execución da Resolución de Alcaldía pola que se estima o recurso de alzada interposto por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar e se ordena a retroacción das actuacións para proceder á nova valoración da súa experiencia profesional.

En consecuencia, a presente acta ten por obxecto aprobar a valoración definitiva da fase de concurso, unha vez executada a resolución de Alcaldía e realizada a nova valoración correspondente.

Por tratarse da valoración definitiva resultante da execución dunha resolución ditada en vía de recurso de alzada, e ter sido xa concedido no seu momento o correspondente trámite de alegacións fronte á valoración provisional, non procede a apertura dun novo prazo de alegacións fronte á presente valoración definitiva, sen prexuízo dos recursos que, no seu caso, procedan contra os actos administrativos correspondentes.

QUINTO.- ACORDOS

Á vista do actuado, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto nas Bases que rexen a convocatoria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Dar cumprimento á Resolución de Alcaldía n.º 2026/0580, de 17 de agosto de 2026, pola que se estima o recurso de alzada interposto por D.^a Beatriz Piñeiro Gondar contra o acordo deste Tribunal Cualificador de data 10 de agosto de 2026, aprobando a nova valoración da experiencia profesional, recoñecéndolle 42,25 puntos no apartado de experiencia profesional, conforme á documentación obrante no expediente e aos criterios establecidos na resolución de Alcaldía.



Segundo.- Aprobar, con carácter **DEFINITIVO**, a valoración dos méritos correspondentes á fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura temporal dunha praza de Asesor/a Xurídico/a e constitución dunha bolsa de emprego, nos termos recollidos na presente acta.

Terceiro.- Declarar definitivamente aprobada a clasificación das persoas aspirantes, na orde resultante da puntuación indicada na presente acta.

Cuarto.- Propoñer ao órgano competente a contratación de D. RAFAEL RIVEIRO ÁLVAREZ, con NIF ***1742**, como persoal laboral temporal na categoría de Asesor/a Xurídico/a, ao ser a persoa aspirante que obtivo a maior puntuación na fase de concurso, cun total de 90,00 puntos.

Quinto.- Propoñer, así mesmo, a constitución dunha bolsa de emprego ou lista de agarda, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, atendendo ás puntuacións definitivas obtidas na fase de concurso.

Sexto.- Publicar a presente acta no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do concello [<https://meis.sedelectronica.gal>], para os efectos de notificación ás persoas interesadas.

Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou os integrantes deste órgano de selección, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan deducir calquera outro recurso que estimen procedente conforme a Dereito.

Nos casos nos que nesta acta utilízanse substantivos de xénero gramatical masculino para referirse a persoas, cargos ou postos de traballo, debe entenderse que se fai por mera economía na expresión, e que se utilizan de forma xenérica con independencia do sexo das persoas aludidas ou dos titulares dos devanditos cargos, con estrita igualdade en canto a efectos xurídicos.

E non sendo outro o obxecto da sesión, sendo as once horas e cinco minutos do luns, día decesete de agosto de dous mil vinte e seis, a señora Presidenta dá por concluída a reunión do Tribunal Cualificador, levantando a sesión. Para a súa constancia, expídese a presente acta, coa conformidade de todos os membros do Tribunal, da que como Secretario dou fe, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

